



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 05 DE DECEMBRO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e trece minutos do día cinco de decembro do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN POS+2019

Dáse conta da proposta do POS+2019, que a continuación se transcribe:

POS+2019

SUBTOTAL		Deputaci	Concell	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	27.924,96		27.924,96
	Achega 2019			
8- GASTOS CORRENTES	Achega 2019			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	152.019,20	11.481,51	163.500,71
	Achega 2018	56.799,37	11.418,20	68.217,57
	Préstamo 2019			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	104.405,64		104.405,64
TOTAL	Achega 2019			
	Achega 2018			
	Préstamo 2019			
	TOTAL	341.149,17	22.899,71	364.048,88



TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO (341.149,17) COMPLEMENTARIO (85.287,30)		
ACHEGA PROV. 2019 (152.019,20)	ACHEGA PROV. 2018-(84.724,33)	PRÉSTAMO PROV. 2019 (104.405,64)
Saneamento Rúa María 145.500,71 Subministro de dous cabezais para desbrozadora- 18000	Pago a provedores-27924,96	Bankia-104.405,64
Aportación municipal-11.481,51	Renovación rede de saneamento nos Castros-68.217,57	
	Aportación municipal-11.418,20	
Complementario: Rehabilitación de envolvente exterior na antiga rectoral: 113.933,73 Aportación Municipal: 28.646,43		

Intervén o Sr. Alcalde manifestando neste pleno hai un único punto do día que é o POS+2019 tal e como foi a comisión de plans, e en consecuencia abrimos a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as e manifestando que a nosa valoración ao respecto do plan único POS+2019 ten moito que ver coa filosofía na que vai este plan, dende fai uns anos a Deputación da Coruña decidiu xuntar todos os plans nun plan único, o cal nós sempre valoramos positivamente e agradecemos esa filosofía da Deputación da Coruña de que os concellos teñamos antes de fin de ano o que van a ser as Achegas que o organismo provincial ten para os concellos desa maneira organizamos mellor o que é os orzamentos. Aínda así, nós temos unha valoración concreta que vai acorde con toda a nosa política nestes últimos anos ao respecto por un lado, do tema das infraestruturas e por outro do tema económico, temos que dicir que como apuntamos na Xunta de Voceiros nós esperábase que xa que este plan non é só POS tamén ten que ver cun tema económica, na miña opinión tiña que ir tamén a comisión de facenda para dar conta desas cantidades que se pretenden achegar e isto é así porque na cuestión de facenda non hai que esperar por Proyfe que faga o proxecto senón, unha vez que saen as bases xa se sabe canto se vai a destinar ao tema do endebedamento por exemplo.

En canto as inversións, os investimentos aínda que aplaudimos a cuestión do goberno municipal a dedicar unha partida ao saneamento da Rúa María que é unha das propostas que nos fixemos nos últimos anos que se nos votaron en contra, saudamos que vaia unha parte para renovar o saneamento e non estamos para nada de acordo co resto de investimentos, e vemos dúbidas ao respecto de si están a facer ben as cousas no tocante ao tema por exemplo da Reitoral porque consultados os plans temos dúbidas primeiro, si eses



plans xa os ten patrimonio, si patrimonio lle dou para diante, é unha obra que vai estar moi vixiada por patrimonio loxicamente e nós o que vimos aí neses plans foi unha serie de incongruencias que a nós gustaríanos que se nos aclarase, vimos así por enriba o que é o proxecto pero hai unhas cuestións que se nos pasan que ten que ver cos acabados por exemplo no capítulo de revestimentos que é o capítulo III di “revestimento de morteiro de cal enfuscadas e revestimentos de parámetros verticais con morteiro de cal aérea, e a continuación di que para o acabado vai ser pintura acrílica estándar” nós supoñemos que este proxecto é un corta e pega doutros proxectos, porque polo que temos entendido patrimonio dirá si é así ou non e si hai morteiro de cal aérea non pode haber pintura acrílica, ten que haber pintura auga, porque a razón do morteiro de cal aérea aplicábase moito antes era para que respirase e por tanto unha pintura acrílica quedaría tapada.

Tamén temos dúbidas ao respecto dos plans da Reitoral porque aí non vemos o muro do centro que é un muro tan ancho como as paredes exteriores entón nós o que nos preguntamos sempre, si ese muro non se contempla o cal iso non pode ser, porque xa digo que vai ser unha obra seguida por patrimonio e ese muro do centro ten que estar, non se pode quitar, entón porque non aparece no proxecto ese muro nos planos que se refiren ao estado actual da obra e entendemos que aínda está ese muro central, polo tanto nós non podemos dar validez a esa obra independentemente de que non estamos de acordo de cómo foi o procedemento ao respecto do convenio da Reitoral e que tampouco sabemos porque tampouco o sabe o goberno cal vai ser o destino final de esa obra apuntou que podía ser para asuntos sociais ben, non sabemos.

Ao respecto de pago a provedores parece ser que estamos cunha cifras increíbles de pago a provedores pero resulta que había unha debede en pago a provedores non entendemos entón como se di que estamos pagando a non sei cantos días e que logo resulta que aparece aí un descuberto por esa cantidade.

Ao respecto da redución de débeda que son 104000€, temos que dicir que iso e consecuencia dunha política económica desastrosa para o concello de Ares e que foi arrastrando toda a situación, non só en investimentos senón a do día a día, 104000€ que van destinados a bankia.

Nós tiñamos unha proposta e esa proposta non se contemplou que era unha proposta que presentamos por rexistro en tempo e forma que se refería ao investimento que ten que facer o concello para lograr a ampliación do colexio decíamos, destinar Achega inicial do plan único a realizar o que corresponde ao concello en relación a urxente e necesaria ampliación CPI As Mirandas na parcela prevista para edificar nela ampliación aulario educación infantil polo tanto a nosa proposta para o POS+2019 era esa e esperamos a ver o que din o resto dos grupos.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa primeira intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dando os bos días a todos/as manifestando que eles traen unha proposta que é a mellora da rede de abastecemento e saneamento da Rúa Real, Anxos e Porto, vostede o ano pasado no POS falou do proxecto de humanización do Porto que ía a seguir este ano co proxecto, cal é a nosa sorpresa que ao ver as obras que viñan non aparece o Porto para nada entón nós consideramos que no século XXI e cun servizo municipal deficitario e co superhabit que temos de dito servizo teñamos unha tubaría obsoleta por ello consideramos urxente o cambio do mesmo.

Con respecto ao pago de provedores votamos en falta o informe con relación as facturas pendentes de pago, despois falta a memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiro e o informe de intervención e secretaria que tamén falta e os datos



de débeda con entidades financeiras a deducir con cargo ao préstamo 2019, por agora nada máis.

Remata a súa primeira intervención a Sra. Martínez Martínez.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dando paso a segunda quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que podemos comprobar que o sistema democrático quedalle un pouco grande loxicamente, como é posible que viñamos aquí a debater e que non queira debater, pero non con iso vai conseguir que nós poñamos enriba da mesa as nosas propostas e tamén a nosa situación, hai moita risa do cal alédome porque unha das cousas máis bonitas que nos dá a vida é a alegría e a risa o que pasa é que estamos nun tema serio, entón ben nós o que incidimos no que dixemos antes que non imos a repetir porque non vos queremos cansar, nós entendemos que vostedes están moi cansos, están a facer un traballo que lles desborda entón nos vos queremos cansar por nada do mundo, queremos que sigan sendo así de felices, o que si imos a recordar é que a nosa proposta para aprobar a ampliación do cole terá que ser votada e quéro lle recordar unha cousa so Sr. Alcalde e ao resto do equipo do goberno, que moitas veces nos diriximos ao Alcalde pero en realidade as nosas mensaxes va para quen levanta a man o día do pleno e ben, voume calar.

O que fixemos o pleno pasado foi aprobar unha declaración institucional, a proposta do BNG é para que en previsión da entrada en vigor do plan era esa a situación que a xunta dispuxese da ampliación do cole, e nese pleno se nos dixo ademais a unha pregunta que non teño porque non dicilo non foi unha pregunta do BNG, ao respecto de si os terreos están a disposición da xunta, aquí dixo que si que estaban o cal é unha falsidade porque polo que preguntamos e polos datos que temos non están dados, e en iso me refiro porque temos que ir ata o ano 2012 que foi o principio da trampa aquel convenio que asinou o concello coa Deputación e coa Xunta de Galicia que nin a comunidade educativa do cole o quería, nin a oposición o quería ben pois aínda así nese convenio que haberá que reformular porque xa non vale, o Concello asinou unha das cláusulas pola cal é posible que a Xunta poida facer a ampliación do cole e esa cláusula dicía "será responsabilidade do Concello de Ares garantir que os dereitos resultantes dispoñen dos usos urbanísticos, edificabilidade e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e rede de sumidoiro acceso rodado tal e como se establece no anexo II, con carácter previo ao inicio da obra da execución de ampliación do CPI Conde de Fenosa, así como dos correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo". Que quere dicir iso, que cando a Xunta lle chegue a declaración institucional do Concello de Ares para facer a ampliación non só vai dicir que vostedes non teñen o plan urbanístico aprobado senón o que van a dicir é que vostedes non fixeron o traballo que vostedes se comprometeron a facer que é, que para que a Xunta poda facer o edificio o concello de Ares, ten que poñer a disposición da Consellería de educación os terreos con eses servizos que acabo de relatar e con acceso rodado pola pista da parte de arriba da leira e así cando nós presentamos a nosa proposta así como xa a presentamos a comunidade educativa e a sociedade das charlas polas parroquias, entón esa é a proposta que nós traemos aquí, dirá vostede que non vai a ser posible que no 2019 que o concello faga iso poden dicilo aquí, diga vostede que non é posible meter no POS esta obra, pode dicilo aquí, pode dicilo, pode seguir mentindo polo tanto a nosa proposta é a que antes lle relatei, e a que esperemos se vote agora aquí.



Remata o Sr. Mesías Farías a súa segunda intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que xa discutimos nos plenos que vostede ten moita presa que vostede ten que facer despois do pleno, pero eu creo que polo menos vostede ten que contestar ao que lle preguntamos e si vostede se nega a contestar pois que me conteste o Sr. Secretario-Interventor cal é o motivo do porque non ven ese informe acompañando ao POS, ¿contéstame Sr. Secretario?.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Secretario.

Toma a palabra o Sr. Secretario manifestando que esa documentación unha vez aprobado no pleno en cando se sube a plataforma da Deputación a memoria, informe e que se concreten as obras a realizar a posteriori facilitarase sen ningún inconveniente.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que eles queren saber de que facturas se tratan, nós temos que sabelo antes de.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o vemos nunha comisión, sempre foi así e nunca pedichedes isto e dicir, o pago a provedores ven do POS dende fai moito tempo e nunca dixestes que queriades as facturas é a primeira vez que o decides.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que no BOP ben iso.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que nunha comisión de facenda darase traslado das facturas pero digo que este debate co pago a provedores non é deste ano e nunca houbo unha petición neste sentido e pensamos que ía a ser como todos os anos dar traslado de esas facturas nunha comisión de facenda e eu non te pododo dicir nada máis porque non o coñezo e dicir, si a min dinme de tesourería que hai que pagar unhas facturas ti crees que eu vou a mirar.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que xa, pero que nós temos que sabelo.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que estou contestando, nunha comisión de facenda damos traslado, son facturas esa cantidade va ao pago de provedores, que facturas en concreto, pois temos que mirar e nunha comisión de facenda damos traslado, nunca fixastes unha pregunta neste sentido.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que son facturas que non están pagadas dende xuño, por iso queremos saber de que facturas se tratan.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que ben, pero que nunca fixastes esa pregunta por iso non temos a información previa.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que nos POS anterior a fixemos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que aquí non hai debate.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que aquí vimos a debater.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que estou contestando, o problema é que non te gusta o que contesto e non te vale, eu estou dicindo que nunha comisión de facenda damos traslado que máis queres, que me levante e as vaia a buscar, eu non teño nin idea disto entón, como non podo resolvelo doutra forma e tes dúas quendas de intervención se non te gusta o que che digo.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non é que non me guste é que está incompleto, o expediente está incompleto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que xa está, que xa o dixeches que queres que lle fagamos, logo queredes debate un vaise do pleno porque non lle gusta o que digo e a ti non te vale nunca o que digo, que queredes que faga pois calo e non debato, porque non me vale a pena, non me vale a pena falar con ninguén e xa está e punto pelota. Dúas quendas de intervencións e procedemos a votación, aquí xa interveu quen quixo, e o que non quere pois non quere e eu está claro que non debo intervir, porque o outro levantase e vaise considerase ofendido a mínima e a ti non te vale nada do que eu digo, pois senón te vale sinto pero que queres que lle faga veu mil veces pago a provedores e nunca pedichedes as facturas e as pedides agora, nunha comisión de facen as dou porque eu agora non o sei que fago, nada.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que hai unha emenda do BNG que propón que se faga con cargo ao POS unhas obras que nós imos a facer pero non con cargo ao POS en consecuencia, non estamos en contra de esas obras pero o que pasa é que non as queremos facer con cargo ao POS, as queremos facer con cargo a outros fondos.

O Sr. Alcalde somete a votación a emenda do BNG

Sometida a votación a emenda do grupo BNG "Obras de ampliación CPI As Mirandas con cargo ao POS+2019. o Pleno por 2 votos a favor (2BNG-1Ausencia Xustificada), 7 en contra (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES) e 3 abstencións (3 PP), acorda rexeitar a emenda proposta polo BNG.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta do POS+2019.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que está a súa proposta.

Responde o Sr. Alcalde preguntando cal.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que xa o explicou, a proposta do proxecto de humanización do Porto que ti prometiches o ano pasado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que vai con outros fondos, acabo de dicilo, non estamos en contra de esas obras pero para esas obras xa teño os cartos doutro sitio.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que vale, pero quero que se vote.

Responde o Sr. Alcalde pedindo desculpas, non me din conta unha vez rexeitada a emenda do BNG, pola mesma razón imos a rexeitar a proposta do PP porque para o Porto x atemos a I Fase que é a Rúa Cisne que vai a empezar agora e para a II Fase xa temos financiamento.



Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non o ve.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que vale, pero que estou explicando as razóns de rexeitar esta proposta, explicando o meu voto entón, imos votar en contra porque para a II Fase xa temos cartos doutro sitio e non queremos pagalo co POS+2019 porque co POS queremos pagar isto, non estamos en contra da obra que vaise facer pero ímola pagar con outros fondos esa é a explicación do voto, si queres explicar ti tamén a razón do voto do PSdeG-PSOE douche a palabra.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que quería aclarar que non só é o Porto, Rúa Real e Anxos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero a razón é a do Porto que é a que temos en previsión entón esa, ímola facer con outros fondos e Real e Anxos que nós saibamos ou polo menos eu, en Real e Anxos non hai os problemas que hai no Porto, hai que priorizar, arranxar o Porto porque antes está a Rúa María que da máis problemas a Rúa María por razóns de priorización queremos arranxar as rúas que sabemos que teñen problemas.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta do PP “Proxecto de Humanización do Porto”

Sometida a votación a emenda do grupo PP “Proxecto de Humanización do Porto, Rúa Real e Anxos”. o Pleno do Concello por 3 votos a favor (3PP), 7 en contra (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES) e 2 abstencións (2 BNG-1Ausencia Xustificada), acorda rexeitar a proposta.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta anteriormente transcrita e presentada neste pleno “POS+2019”

Sometida a votación a proposta POS+2019. o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES), 3 en contra (3PP) e 2 abstencións (2 BNG-1Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e trinta e catro minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.